

DATA DE  
RECEPCIÓN:  
15/06/2017

DATA DE  
ACEPTACIÓN:  
20/07/2017

**A ORATURA EN DOUS CONTOS ILUSTRADOS INFANTÍS  
DE ONDJAKI**

**LA ORATURA EN DOS CUENTOS ILUSTRADOS INFANTILES  
DE ONDJAKI**

**ORATURE IN TWO ONDJAKI'S  
ILLUSTRATED CHILDREN'S BOOKS**



*Belén Bouzas Gorgal*

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

belenbouzas@gmail.com

**Resumo:** Realízase unha breve aproximación ao termo oratura e á súa presenza na literatura de expresión portuguesa dos Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP). Analízanse os contos ilustrados *Ynari a menina das cinco tranças* e *O Leão e o Coelho Saltitão*, co propósito de establecer unha conexión entre a oratura e a Literatura Infantil de Ondjaki.

**Palabras chave:** Oratura, Literatura dos PALOP, Literatura Angolana, Literatura Infantil, Ondjaki.

**Resumen:** Se realiza una breve aproximación al término oratura y a su presencia en la literatura de expresión portuguesa en los Países Africanos de Lengua Oficial Portuguesa (PALOP). Se analizan los cuentos ilustrados *Ynari, a menina das cinco tranças* e *O Leão e o Coelho Saltitão*, con el propósito de establecer una conexión entre la oratura y la Literatura Infantil de Ondjaki.

**Palabras llave:** Oratura, Literatura de los PALOP, Literatura Angolana, Literatura Infantil, Ondjaki.

**Abstract:** A brief approximation is made to the Orature term and the presence of it in the Portuguese expression literature in Portuguese-speaking countries in Africa (PALOPs). The illustrated books *Ynari, a menina das cinco tranças* and *O Leão e o Coelho Saltitão* are analyzed with the purpose of establishing a connection between Orature and Children's Literature of Ondjaki.

**Keywords:** Orature, PALOP's Literature, Angolan Literature, Children's Literature, Ondjaki.

NOTAS/ NOTAS / NOTES

## Introdución

As tradicións orais africanas exerceron un papel imprescindible durante o proceso de (re)construción cultural que se deu a partir do poscolonialismo. Estas tradicións orais, cómpre nomealas en plural porque son diversas as tradicións que existen no continente Africano, mudando de país a país, de lingua a lingua, de etnia a etnia, foron verténdose para a escrita coa finalidade de traspasar, conservar e partillar toda a memoria e tradición cultural oral. As diferentes literaturas fixéronse eco do reavivamento das culturas africanas, das súas tradicións orais, e foron bebendo e enriquecéndose das lendas, dos contos, das adiviñas, dos ritos e das cosmogonías de diferentes lugares, pobos e culturas que a comunidade garda na memoria. A oratura pasou a ser empregada como unha marca de identidade e de (re)afirmación cultural nas diferentes literaturas africanas, un medio de retorno ás orixes e de posta en valor da súa propia cultura. O termo *oratura* foi creado na década de 60 polo lingüista ugandés Pio Zirimo e foi posteriormente utilizado e propagado en diversas obras para evitar o uso de expresións como “literatura folclórica”, “literatura oral” ou “literatura primitiva”, por seren nomenclaturas que traen na súa composición “una palabra central orixinariamente relacionada à escrita conjugada a outra que, em nível secundário, aponta para a oralidade” (Serra e Deus, 2012: 34). Así pois, ao empregarmos a palabra *oratura* estamos designando “un conjunto de textos expressos e transmitidos em formas verbais orais” (Serra e Deus, 2012: 34), estamos referíndonos a aquelas producións artísticas verbais que, xeralmente, son recitadas ou dramatizadas dalgunha forma e nas súas diferentes variedades: contos, lendas, adiviñas, poesías, cancións etc.



Dito proceso de (re)afirmación cultural tamén atinxiu aos Países Africanos de Língua Oficial Portuguesa (PALOP)<sup>1</sup>. Nas súas literaturas conséntase un especial interese pola estética oral que se manifesta a través dunha (re)apropiación calibanesca do portugués (Pires Laranjeira, 1985), antropofáxica mesmo, a cal toma como alicerce os seus idiomas propios e a realidade cultural de cada pobo. Para ilustrar, citamos diversos exemplos da presenza de oratura na literatura contemporánea dos PALOP, tales como a novela *João Vêncio. Os seus amores* (1979) do escritor angolano José Luandino Vieira, onde coloca os lectores como ouvintes, como un auditorio; o libro de contos *Estória, estória... Contos Cabo-verdianos* (1978), de João Lopes Filho; tamén bota man da oratura a autora moçambicana Paulina Chiziane na súa novela *Ventos do Apocalipse* (1999), onde clama ao público lector da mesma forma que o fan os tradicionais contadores de historias, proclamando as verbas “Karingana Wa Karingana”, unha expresión fixa

<sup>1</sup> Son Angola, Moçambique, São Tomé e Príncipe, Cabo Verde e Guiné Bissau.

## A oratura en dous contos ilustrados infantís de Ondjaki

utilizada polos *rongas*<sup>2</sup> no momento en que comezan a narrar unha historia tradicional, frase que pode traducirse por “era unha vez”:

Escutai os lamentos que me saem da alma. Vinde, sentai-vos no sangue das ervas que escorre pelos montes, vinde, escutai [...]. Quero contar-vos historias antigas, do presente e do futuro [...] escutai os lamentos que me saem da alma, KARINGANA WA KARINGANA (Chiziane, 1999: 15).

Así mesmo, o escritor mozambicano José Craveirinha recolle tamén esta fórmula tradicional para darlle título a un dos seus poemarios, *Karinganaua Karingana* (1974).

No tocante á Literatura Infantil, esta tampouco escapa á oratura. A riqueza da tradición oral “serve de base para o aproveitamento das historias africanas na literatura infantil e para a fixación de moitos contos como obra dirixida ao pequeno lector” (Sisto, 2013: 7). Podemos adquirir unha perspectiva desta situación tendo en conta as diversas antoloxías que se foron publicando nos últimos anos destinadas ao público miúdo e que teñen como obxectivo principal reunir narrativas que toman como base da oratura. Sirvan de exemplo os seguintes títulos: *Breve Antoloxía do conto Angolano: Balada dos homes que sonham* (2012), concibida coa finalidade de promover a literatura angolana a nivel internacional; *Dima, o passarinho que criou o mundo: Mitos, contos e lendas dos países de lingua portuguesa* (2013), obra que rescata mitos, lendas e contos de tradición oral, coa finalidade de retratar a riqueza e a diversidade cultural deses oito países<sup>3</sup>; o áudio-libro *Contos tradicionais da CPLP* (2014), editado pola propia Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) no décimo oitavo aniversario da súa fundación coa vontade de divulgar e preservar o patrimonio inmaterial da tradición oral dos países que conforman dita Comunidade<sup>4</sup> e para conservar a súa identidade singular e colectiva “o imaginario das nosas sociedades e os saberes da vivencia do cotidiano, manifestando, ensinamentos, principios e valores, bem como formas de olhar e estar no mundo” (Murargy: 2014, 1); e xa mais recentemente *Pássaros de Asas Abertas – Antoloxía de Contos Angolanos* (2016), unha obra que ten como finalidade conmemorar os 40 anos de independencia de Angola, así como dar contada diversidade temática da literatura angolana. Deste modo, as antoloxías citadas poñen de manifesto o incremento no interese pola oratura dedicada ao público miúdo, entendida como patrimonio cultural inmaterial que necesita ser protexido e difundido polo que representa a nivel tradicional, mais tamén pola súa diversidade

<sup>2</sup> Grupo étnico do Sur de Mozambique.

<sup>3</sup> Son Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique, Portugal, San Tomé e Príncipe e Timor-Leste.

<sup>4</sup> Son os seguintes países, por orde alfabética: Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique, Portugal, San Tomé e Príncipe, Timor-Leste.

temática e riqueza estética. As diversas autoras e autores que traballan coa oratura na súa literatura sérvense dun proceso de mestizaxe no cal a escrita “constitúen soporte que garante a conservación da performance pasada de uma criação colectiva anónima” (Machado Nunes, 2009: 35). É dicir, aprópiase da oralidade verténdoa para a escrita, e é a través do texto escrito que se tenta recuperar trazos da oratura con quen se establece un diálogo directo. Unha característica que tamén encontramos na obra de Ondjaki, autor obxecto de interese neste estudo.

Por tanto, a través deste traballo pretendemos analizar a presenza da oratura na Literatura Infantil de Ondjaki. Para atinxir ese obxectivo seleccionamos un corpus conformado polos contos ilustrados *Ynari, a menina das cinco tranças* e *O Leão e o Coelho Saltitão*, por tratarse de dúas das obras máis representativas do autor. Entendemos que ambos os dous contos son importantes para focarmos este asunto dado que contribúen de forma efectiva para coñecer as ferramentas que se empregan ao vehicular a oratura coa Literatura Infantil. Así, este traballo pretende unha revisión exhaustiva destes dous contos ilustrados, visando coñecer a presenza e o peso daqueles usos lingüísticos e/ou estilísticos que respondan a características propias e definatorias da oratura. De modo que, a partir das observacións feitas e dos datos obtidos consigamos presentar un esbozo da presenza da oratura na Literatura Infantil ondjakiana.

94

### **Ondjaki: os casos de *Ynari, a menina das cinco tranças* e de *O Leão e o Coelho Saltitão***



Ondjaki, que significa ‘guerreiro’ en umbundo, pseudónimo de Ndalú de Almeida (Luanda, 1977), fai parte da primeira xeración de escritores e escritoras que naceron na Angola independente. A súa voz érguese como un referente da literatura nos PALOP por se ter tornado un dos nomes angolanos máis traducidos na actualidade, con obras vertidas para o francés, español, italiano, alemán, inglés, serbio, swahili e sueco. Membro da União dos Escritores Angolanos (UEA), Ondjaki estreouse na literatura no ano 2000 co poemario *actu sanguíneu* e na actualidade conta xa con máis de vinte títulos publicados. Recoñecido e galardoado internacionalmente, foi o único autor africano entre os dez finalistas do Prémio Portugal Telecom<sup>5</sup> de Literatura 2008; gañou o Grinzane for Africa Prize: Young Writer 2008, polo conxunto da súa obra; e en 2010 venceu o Prémio Jabuti<sup>6</sup> na categoría xuvenil coa novela *Avó*

<sup>5</sup> Premio que desde 2014 se denomina *Oceanos-Prémio de Literatura em Língua Portuguesa*. Trátase dun dos máis prestixiosos do ámbito lusófono, aberto a autores e autoras de todos os países de lingua portuguesa.

<sup>6</sup> Creado en 1958, o Jabuti é o máis tradicional e consagrado premio do libro en Brasil. Véxase a evolución do premio en João Luís Ceccantini e Thiago Alves Valente (2013: 259-276).

## A oratura en dous contos ilustrados infantís de Ondjaki

*Dezanove e o Segredo do Soviético*. Ademais, foi galardoado, entre outros, co Grande Prémio de Conto Camilo Castelo Branco (2007), por *Os da minha rua*; o Prémio Bissaya Barreto de Literatura para a Infancia, pola obra *A bicicleta que tinha bigodes* (2012); o Prémio José Saramago, pola novela *Os transparentes* (2013); e o Prémio Littérature-Monde (2016), na categoría de literatura non francesa, co mesmo título. Se se ten en conta só a súa produción para o público infantil, Ondjaki posúe até o momento cinco títulos, de entre os que se destacan o conto ilustrado infantil, *Ynari, a menina das cinco tranças* (2004), obra incluída no Plano Nacional de Leitura, LER+, de Portugal; e *O Leão e o Coelho Saltitão* (2008), entre outros.

*Ynari, a menina das cinco tranças* foi o primeiro libro que o autor escribiu destinado directamente para o público infantil. Trátase dunha historia que xira en torno á maxia das palabras protagonizada por Ynari, unha nena curiosa e esperta que descubre o poder de inventar e destruír palabras ao tempo que ritualiza os cinco sentidos (audición, visión, tacto, olfacto e gusto). Por outra banda, *O Leão e o Coelho Saltitão* foi o segundo libro publicado por Ondjaki para o público miúdo, unha fábula que cuestiona a primacía do forte sobre o fraco, o poder da mente sobre o corpo, a astucia do coello que vence a prepotencia do león, o rei da selva. Ademais, este libro ten de particular que fai parte da colección “Mamá África”, do selo editorial Língua Geral, a cal ten como obxectivo principal a (re)creación de contos tradicionais africanos. Na contracapa d’*O Leão e o Coelho Saltitão* achégase unha nota na que se indica que a xénese do conto está “no relato de David YavaMwau, *Ciximo Ca Ndumba Na Mbwanda* (estória do Coelho e do Leão), publicado no libro *Viximo, contos da oratura Luvale*, de José Samuila Cacueji, União dos Escritores Angolanos, 1987” (Ondjaki, 2008). Polo tanto, trátase dunha historia creada a partir dun conto tradicional angolano, máis concretamente extraído da oratura Luvale e adaptado (recontado) por Ondjaki para o público miúdo actual.

En termos xerais, a escrita de Ondjaki caracterízase por presentar unha linguaxe enriquecida coa oralidade do portugués de Angola. O propio autor ten afirmado, nunha entrevista que concedeu á revista brasileira *Saraiva Conteúdo*, que foi precisamente a partir da tradición oral como se iniciou na escrita: “sempre gostei de ouvir histórias [comenta Ondjaki] e contar também. Acho que a partir dessa oralidade da história que cheguei à escrita, comecei a escrever contos” (Mello, 2009: 1). Así pois, no decorrer das súas narrativas, Ondjaki vai deixando pegadas da oratura angolana, tamén na súa Literatura Infantil e, polo tanto, tamén en *O Leão e o Coelho Saltitão*(2008) e *Ynari, a menina das cinco tranças* (2004).



Centramos o noso foco de estudo na análise ligüística dos dous contos, prestando especial atención na utilización de vocábulos propios do portugués angolano ou doutras linguas como o quimbundo. Neste sentido, detectamos o uso destes vocábulos en contextos relacionados coa cultura tradicional, así como a flora e a fauna angolanas. Por exemplo, en *Ynari* empréganse os seguintes termos: “cubata”, en quimbundo, “kubata”, significa casa, fai referencia a unha casa rústica tipicamente africana, habitualmente de tellado cónico cuberto de follas ou palla; “palanca”, un tipo de antípole africano; “olongo”, que é o nome popular para referirse aos antípoles en Angola; “soba”, termo procedente tamén do quimbundo, é un xefe ou régulo de tribo africana; “humbi-humbi”, un paxaro moi común na fauna angolana; e o “imbondeiro” (ou baobá), unha árbore tradicionalmente utilizada como fonte de alimento. Todas elas son palabras que designan realidades moi concretas e elementos moi característicos e definatorios da natureza e da cultura angolanas e, en consecuencia, da súa memoria colectiva cultural. En concreto, destacamos as referencias que se fan ao humbi-humbi e ao imbondeiro no conto de *Ynari*, situándoas nunha parte relevante da narrativa, xustamente no momento en que os “mais-velhos” levan a cabo o ritual de crear e destruír palabras:

96

Cada rio suas águas; cada céu suas nuvens. Peixe dentro da água brinca, fora da água sofre. O **humbi-humbi** não conhece gaiola, só respeita nuvem. Coisa de metal que sai fumo, vira barro. Coisa de metal como semente, vira **imbondeiro**. De noite, as estrelas olhar e uma só escolher. De dias, os animais caçar, seja, o alimento. Primeiro somos crianças e coração bate. Depois somos caçados por nosso coração. Depois descobrimos criança no coração. Depois a criança nos ensina outros caminhos do coração. O cágado também sabe perder. A palanca negra gigante também sabe fugir. Falei. (Ondjaki, 2004: 24).




No tocante ao humbi-humbi, este ten unha forte presenza en cancións populares e represéntase como unha metáfora da liberdade, pois na oratura este paxaro, co seu voo alto, anuncia o nacer do sol, as boas sementeirias e convida outros paxaros para voar alto canda el e así obter unha visión máis ampla do universo. Pola súa parte, o imbondeiro é un símbolo de África e, en especial, de Angola. Trátase dunha árbore que está estreitamente ligada a rituais tradicionais, ritos e crenzas relixiosas por ser considerada sagrada. Así pois, tamén conta cunha grande presenza na literatura como, por exemplo, *À Sombra do Imbondeiro*, de António Marcelo; *Na Cidade dos Imbondeiros*, de Maria Baptista, ou no poema *O imbondeiro de Baobá*, de Namibiano Ferreira.

No conto ilustrado do *Leão* encontramos tamén verbas, xogos de palabras e cancións que nos fan entrar en diálogo coa oratura, o que provoca unha interlocución entre o escrito e o oral diferente á que atopamos en *Ynari*. No conto do *Leão* a literatura entrelázase coa música, facendo a esta merecedora dunha especial atención. Ondjaki constrúe esta narrativa mesturando a tradición

## A oratura en dous contos ilustrados infantís de Ondjaki

da oralidade coa inclusión de xogos de palabras ou cancións populares doutras tradicións, concretamente as cancións *A casa* e *Garota de Ipanema*, as dúas de Vinícius de Moraes, poeta e cantautor de música popular brasileira. Por un lado, Ondjaki emula a xa clásica *Garota de Ipanema*, mudando e adaptando a letra, mais mantendo a estrutura, os versos e sílabas: “Olha que festa mais linda/ mais cheia de graça/ cuidado com o cão, veja a trapaça/ com uma doce dentada/ você vai dançar...” (Ondjaki, 2008: 26); e, por outro, tamén realiza o mesmo xogo coa canción *A casa*: “Era uma festa bem pequenina/ não tinha fruta, não tinha nada/ tinha um defunto meio acordado/ eu vou fugir para não ser caçado...” (Ondjaki, 2008: 25). Tal e como podemos comprobar, neste caso o autor pon en diálogo dúas culturas diferentes ao inserir a letra trocada dun par de cancións da música popular brasileira.

Outra das características que colocan en diálogo a oratura e a literatura infantil de Ondjaki é a propia estrutura interna das dúas narrativas, con fórmulas repetitivas, cíclicas, propias da tradición oral como técnica para que os alocutarios manteñan a coherencia da narrativa e non perdan o argumento principal. Esta técnica dáse, sobre todo, no conto de *Ynari*, pois repítese o mesmo ritual cinco veces, unha por cada trenza e sentido (vista, tacto, olfacto,...):

- 
- Mas diz-me uma coisa...
  - O que é? – perguntou o mais-velho.
  - Se eu vos ensinar a “ver”, vocês deixam de estar em guerra?
  - Sim. Nós só queremos saber “ver”. (Ondjaki, 2004: 34)

Por outra banda, a utilización dun estilo oralizante tamén se deixa ver na construción dos diálogos, concisos e directos nos dous contos:

- Mas o que fazes, seu louco! – gritava o Leão.
- Está calado porque os mortos não falam, está calado porque os mortos não falam! – disse o Coelho, rindo, rindo, enquanto amachucava a cara do Leão.
- Os convidados estão a chegar, silêncio...! (Ondjaki, 2008: 20)

Alén diso, garda unha especial relevancia a función dos rituais durante as dúas narrativas, unha relación coa dramatización propia da tradición oral e coa interacción entre o narrador e o público (lectoras e lectores), ao modo dun “griot” (persoa que memoriza, interpreta e difunde as historias, fatos históricos, coñecementos ou as cancións do seu pobo) na oratura. Ademais, os dous contos poñen o punto final coa frase “foi assim que aconteceu”, unha fórmula hipercodificada e

tradicional que nos volve a mostrar como o texto escrito recupera marcas da oratura con quen establece un diálogo directo.

No tocante ás ilustracións destes dous contos, autoría de Danuta Wojciechowska (Québec, Canadá, 1960)<sup>7</sup> e de Rachel Caiano (Fortaleza, Brasil, 1977)<sup>8</sup>, ambas as dúas ilustradoras optan por usar tons quentes, tipicamente africanos. Predominan os tons terra, os marróns, os amarelos, os laranxas e os vermellos, en contraste coa cor azul que representa o ceo e a auga. É a través deste medio icónico que son aprehendidas as personaxes, os espazos e as propias accións que xorden durante as narrativas, pois estas ilustracións achegan elementos que potencian e valorizan cada historia. Así pois, en conxunto coas palabras, “as ilustrações funcionam como elemento enriquecedor das obras, sendo um aspecto visual que tanto atrai as crianças pela sua beleza quanto ajuda a contar a história” (Santos Feres, 2016: 9). Ademais, nos dous casos, as ilustradoras Rachel Caiano e Danuta Wojciechowska optaron por fixar os deseños a dúas páxinas, un método que matiza “a coerência e a coesão textuais, contribui também o recurso a uma estratégia de ligação entre as páginas que consiste em completar uma imagem apenas num segmento visual seguinte” (Ramos: 2011, 139), ao tempo que achega dinamismo, adiantando e complementando o sentido do texto.

98

## **Conclusión**

A memoria da tradición cultural oral conseguiu manter as peculiaridades e motivacións inherentes que singulariza nun determinado lugar, un modo de ser e estar no mundo. A oratura adoita tratar temas de índole moral e social, unha tendencia que se basea na dicotomía entre ben e mal, unha función didáctica e moral coa que se procura transmitir a sabedoría a través de ditos, narrativas, lendas e demais manifestacións. Trátase, polo tanto, dunha tradición que resulta especialmente interesante á hora de tratar cos miúdos e miúdas. Unha fórmula de aprendizaxe efectiva que se dá a través desta mestizaxe entre a literatura e a oratura, entendida como transmisora do saber, da cultura, ao tempo que lúdica polas súas características intrínsecas que amenizan ditas lecturas. Tal e como podemos comprobar, a oratura é empregada nos contos ilustrados infantís de Ondjaki como unha marca de identidade e calidade estética, mais tamén inherentemente cultural e



<sup>7</sup> Foi Prémio Nacional de Ilustração de 2003 e algunhas das súas obras teñen formado parte da prestixiosa lista The White Ravens.

<sup>8</sup> Foi finalista do Prémio Criadores 2007 e do Prémio SPA 2013, ademais, algúns dos seus libros ilustrados tamén aparecen nas The White Ravens 2008 e 2009.



## A oratura en dous contos ilustrados infantís de Ondjaki

representativa. E é que este autor é consciente da riqueza da súa tradición cultural e aproveítala na súa Literatura Infantil, de modo que se crea unha representación da oratura transferida para o texto escrito. O autor faíno, por exemplo, mediante a utilización dun estilo oralizante que bebe do portugués de Angola e doutras linguas como o quimbundo, mais tamén na construción dos diálogos áxiles que se dan entre os personaxes. Tanto en *Ynari, a menina das cinco tranças* como n'*O Leão e o Coelho Saltitão*, Ondjaki trae para o universo infantil a tradición oral presente na cultura angolana, elemento que provoca un fluxo de contador de “estórias”. É, polo tanto, a través da oratura como Ondjaki usa e actualiza o seu gran legado tradicional. O autor consegue resaltar os valores identitarios ao tempo que trata temas universais (amizade, amor, medo, guerra, a procura da propia identidade...), mediante historias que se nos mostran enriquecidas por estaren repletas de alusións simbólicas ao universo africano e ao imaxinario angolano.

### Referencias bibliográficas

CECCANTINI, J. L. e VALENTE, T. A. (2013). “Atestado de maioridade: prêmios para a Literatura Infantil e Juvenil brasileira”. En Roig Rechou, B. A., Soto López, I. e Neira Rodríguez, M. (Coords.). *Premios literarios e de ilustración na LIX* (pp. 259-276). Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/ Red Temática LIJMI. Consultado o 3 de maio de 2017,

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/BVC\\_premios-literarios-e-de-ilustracion-na-lix.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/BVC_premios-literarios-e-de-ilustracion-na-lix.pdf)

CHIZIANE, P. (1999). *Ventos do apocalipse*. Lisboa: Editorial Caminho.

MACHADO NUNES, S. D. (2009). *A milenar arte da oratura angolana e moçambicana. Aspectos estruturais e receptividade*. Porto: Centro de Estudos Africanos da Universidade do Porto.

MELLO, R. (2009). “Ondjaki e a oralidade africana”. *Saraiva Conteúdo*. Consultado o 3 de maio de 2017, <http://www.saraivaconteudo.com.br/materias/post/10079>

MURARGY, M. (2014). “Divulgar e preservar o património imaterial da CPLP”. En Pereira, C., Afonso, J. e Cerqueira, S. (Coords.). *Contos tradicionais da CPLP* (p. 1). Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP): Sersilito – empresa gráfica, lda.

ONDJAKI (2008). *O Leão e o Coelho Saltitão*. Ilust. Rachel Caiano. Lisboa: Editorial Caminho.

ONDJAKI (2011). *Ynari, a menina das cinco tranças*. Ilust. Danuta Wojciechowska. Lisboa: Editorial Caminho.



- PIRES LARANJEIRA, J. L. (1985). *Literatura Calibanesca*. Porto: Edições Afrontamento.
- RAMOS, A. M. e outros (2011). “Bernardino, de Manuela Bacelar: unidade, equilíbrio e inovação na construção verbo-icónica”. En Roig Rechou, B. A., Soto López, I. e Neira Rodríguez, M. (Coords.). *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)* (pp. 133- 143). Vigo: Edicións Xerais de Galicia/ LIJMI/ NovaCaixaGalicia. Consultado o 3 de maio de 2017, [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/BVC\\_album-na-literatura-infantil-e-xuvenil-2000-2010\\_x1x.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/proxectos/lijmi/descargas/BVC_album-na-literatura-infantil-e-xuvenil-2000-2010_x1x.pdf)
- SANTOS FERES, B. (2016). “A función descritivo-discursiva da verbovisualidade em livros ilustrados”. *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 3, 5-31, Consultado o 3 de maio de 2017, <http://www.usc.es/revistas/index.php/elos/article/view/2809>
- SERRA E DEUS, L. P. (2012). *A língua é minha pátria: hibridação e expressão de identidades nas literaturas africanas de língua portuguesa*. Consultado o 3 de maio de 2017, [http://www.biblioteca.pucminas.br/teses/Letras\\_DeusLPS\\_1.pdf](http://www.biblioteca.pucminas.br/teses/Letras_DeusLPS_1.pdf)
- SISTO SILVA, C. (2013). “Do griô ao vovô: o contador de histórias tradicional africano e suas representações na literatura infantil”. *Nau Literária: crítica e teoria de literaturas*, 02, maio 2013, 1-13. Consultado o 3 de maio de 2017, <http://www.seer.ufrgs.br/NauLiteraria/article/viewFile/43352/27859>

